

MANIFESTO CÍRCULO DE SILENCIO

Xaneiro 2025

Hoxe, o día no que adicamos expresamente o noso Círculo de Silencio á paz, é probablemente o día no que máis acaído é este rato de silencio. Por moito que as busquemos, xa non atopamos verbas para expresar o noso cansazo, a nosa tristura sen fondo, a indignación que nos rebule por dentro ante unha violencia que o invade todo e parece non ter fin.

Dende a violencia de xénero, a máis agochada, a que se oculta nos fogares e so dá titulares cando hai vítimas mortais polo medio, ata a violencia verbal que penetra en todas as partes a través das redes sociais, contaminándoo todo co seu veneno. Dende a violencia que militariza as nosas fronteiras contra un suposto inimigo pobre e desarmado que so busca unha vida mellor ata a violencia do comercio de armas e das guerras das que somos cómplices por acción ou omisión.

Todo está relacionado, todo é parte do mesmo escenario, da mesma traxedia interminable.

Hai uns días, un diario titulaba: “Tratado de Comercio de Armas cumpre o seu décimo aniversario no ano de todas as guerras”. Facéndose eco dos informes de Amnistía Internacional lembraba os incumprimentos e deficiencias do tratado, que Estados Unidos ou Israel non ratificaron. Precisamente, tanto Amnistía Internacional como o Centro Delàs de Estudios por la Paz teñen denunciado reiteradamente a participación de empresas españolas, coa aquiescencia do goberno español, no comercio de armas con Israel (entre outros moitos países). Non se pode condenar unha guerra, unha invasión, un xenocidio, e por detrás prover de armas ao país agresor. Como tampouco se pode promover a militarización das nosas fronteiras provocando innumerables mortes no Mediterráneo e no Atlántico polas dificultades crecentes para chegar ás nosas costas.

Recentemente, o clúster do sector militar español celebrou una xuntanza na nosa cidade. Como declaraban nun xornal local, Galicia podería converterse nun “referente internacional” e poderían acadarse milleiros de postos de traballo para a veciñanza. Ese é o argumento inmoral que sostén toda esta indignidade: a riqueza é o becerro de ouro que segue a impoñerse sobre calquera outra consideración. Cómpre rebelarse contra esta nova relixión que nos corrompe e nos condena a vivir sempre con medo, con odio, con egoísmo. Hai outras formas de estar no mundo, que poñen a vida, a vida de todos e todas, no centro. Cara aí é onde queremos -e debemos- camiñar.

O Centro Delàs, noutro informe, denunciaba tamén que Europa é agora mesmo a segunda potencia mundial, tras Estados Unidos, en inversión militar, cun orzamento que supera o de China e triplica o de Rusia. O presuposto da UE en seguridade e defensa triplicouse nas dúas últimas décadas. Hai ben pouco, dúas mulleres, unha palestina e outra israelí, finalistas do premio Sajarov, recibían unha gran ovación no Parlamento europeo, co único silencio, vergonzante e revelador, dos partidos de extrema dereita. Pero non podemos deixar de lembrar que eses partidos, nos últimos anos, non deixan de medrar.

Como dicimos, todo está relacionado. Nós, como cidadanía consciente e responsable, debemos decatarnos deses fíos que nos vinculan á violencia e rompelos coa palabra e coa acción, coa denuncia pública e coa nosa forma de vivir, no pequeno, no local, e no grande, no global. Porque a violencia é sistémica, a ruptura debe selo tamén. Se non, non haberá saída posible.

Estamos en contra de todas as guerras. Son unha traxedia para os seres humanos e un retroceso da civilización. Non hai nada que xustifique as vítimas mortais e o cruel sufrimento dos superviventes. Os seus devastadores efectos desestruturan as sociedades moito máis aló do conflito bélico. Estamos a favor dunha cultura de paz que teña como centro a seguridade humana, as persoas e a vida, e que aposte pola convivencia dos pobos.

Por iso denunciámos a xenocidio que se está a vivir en Gaza e pedimos que Israel deixe de cometer crimes de guerra ao tempo que rexeitamos calquera tipo de terrorismo, e pedimos o cesamento do fogo, que se deteña esta atrocidade que está matando a sociedade civil, en especial a mulleres e nenos, e que aumenta o risco de escalada militar na rexión e pon en perigo a paz mundial. Cremos no dereito a un Estado palestino independente e exiximos que Israel deteña os bombardeos e cumpra co dereito internacional.

O conflito palestino-israelí está recibindo estes días unha grande atención mediática, pero este foco informativo non debe facernos esquecer que no mundo hai moitos outros episodios bélicos igualmente cruentos, e tamén fóra do que chaman «legalidade internacional»... Pensamos en Ucraína, Sudán, Iemen, Etiopía ou noutros países de África ou Asia. E non esquecemos a perenne violación dos acordos internacionais que o reino de Marrocos perpetra desde fai décadas co pobo saharai.

É por todo iso que cabe delatar aínda con máis forza ao militarismo como ferramenta para construír e perpetuar unha orde mundial eminentemente inxusta que, como podemos comprobar, en última instancia, sostense baixo a lei de quen ten maior capacidade destrutiva. Por iso debemos dicir non á guerra, non a cultura militar, non aos exércitos e ás súas alianzas, non ao armamentismo como negocio, non ao dereito do máis forte.

Do mesmo xeito, solidarizámonos coas vítimas das guerras, e pedimos, rogamos, esiximos, a fin de toda acción bélica e a regulación de calquera conflito que puidese darse a través de medios exclusivamente pacíficos, humanos e respectuosos coas persoas, as culturas e as diferentes sociedades.

Por un mundo con máis xustiza e humanidade. Non no noso nome.

Non a ningunha guerra. Si á PAZ